




Confederación Intersindical Galega

# RECICLAXE

Dende sempre a CIG avogou polo emprego dun sistema de reciclaxe de papel na nosa empresa dun xeito continuo e eficaz. Son moitos os quilos de papel que se xeran cada día en todas as dependencias xa sexan oficinas, csd, almacén, 1004, etc... tirándose na súa maioría ao lixo sen máis. Hai máis dun ano dende o CSD estase levando un labor de reciclaxe que, a pesar de partir da iniciativa individual dun compañeiro da terceira planta, está a dar resultado. Consiste en solicitar a recursos humanos RRHH **Ibercom-4047** a instalación de contedores de papel específicos para reciclaxe que son servidos pola **empresa GAMA CORUÑA 981 66 13 01** que os instala gratuitamente e recolle periodicamente sen ningún tipo de problema.



A CIG, na última reunión da comisión provincial de seguridade e saúde, volveu a formular, unha vez máis, este tema sen unha resposta clara da empresa..., parece que de cara á galería somos todos ecoloxistas pero, logo, cando cómpre facer algo, mellor que o fagan outros.

A empresa que serve os contedores non pon ningún problema para entregalos e o seu servizo de recollida funciona moi ben (practicamente dun día para outro) polo que vos animamos a reclamar aos vosos mandos a instalación de ditos contedores de papel nos sitios onde haxan impresoras, fotocopiadoras, etc... e en xeral en calquera sitio onde se poida producir papel, que debido ao tipo de informacións que manexamos (DNI, contas correntes, facturas, chamadas realizadas, claves de aplicacións corporativas, etc...) deban ter un certo control no seu tratamento.

Animádevos e botade unha man. Demandade ao voso mando a instalación de ditos contedores , e dende aquí invitamos o resto de sindicatos para que promovan este tipo de compromisos á vez, xa que, se reclamamos todos, conseguiremos unha actitude máis proactiva da empresa nestes temas que son beneficiosos para todos.